



XUVENLUGO





INFORMACIÓN SOBRE XUVENLUGO 2019/2020

*Xuvenil*ugo, ocio, diversión e educación

Como en anos anteriores, a 22ª edición de *Xuvenil*ugo ocupará os dous pavillóns e o corredor que os une, dentro das instalacións do Pazo de Feiras e Congresos de Lugo.

Establécense diversas áreas destacando a presenza de:

ÁREA “LÚDICA”

Situada no Pavillón 2, Pavillón 1 e no túnel de conexión. Esta zona está dirixida a nenos e nenas de cero a catorce anos. Nela desenvolveranse as seguintes actividades:

1. **ESPAZO INFANTIL (LUDOTECA):** pensada para nenos e nenas de cero a seis anos, pretende ser un espazo que oferte actividades adaptadas para esas idades onde poidan estar con total seguridade e pasando en grande. Este espazo estará xestionado por monitores debidamente experimentados e cualificados.

O espazo, ubicado no túnel de conexión entre pavillóns do Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, estará dividido en dúas zonas principais:



- A **primeira área** destinada aos nenos de 0 a 3 anos e estará dotada dun chan de Paviplay delimitado que aislado pavimento e facilita que os nenos e nenas poidan estar sentados no chan, gatear e xogar con comodidade, protexéndoos ante caídas ou golpes. Neste espazo haberá xogos e xoguetes variados: de percepción sensorial, de manipulación, de coordinación de movementos e de psicomotricidade, xogos de psicomotricidade, pezas de construción xigantes, tobogán, quebracabezas, cubos de figuras, correpasillos, casíña de xogos, pintacaras, etc.





Ademais neste espazo presentamos a Mario Bross, un inchable especial para nenos de 0 a 3 anos (Medidas: 5 m largo x 4,2 m ancho x 2.3 m alto), que se converte no lugar ideal para iniciar aos máis pequenos en actividades motrices de equilibrio ou salto.



- A segunda área da Ludoteca para nenos de 4 a 6 anos conta cun inchable chamado **Bombeiros**, especial para nenos xa que é moi compacto e protexido. (Medidas: 6 m largo x 5 m ancho x 2,7 m alto).





Espazo de animación dentro da Ludoteca: Continuando o percorrido de actividades no túnel, a oferta ofrece nesta área un amplo abano de posibilidades de xogo e diversión:

- En primeiro lugar, un espazo de talleres. Este espazo, dotarase de materiais para a realización de diferentes talleres, organizados en días rotatorios, tales como: globoflexia, pintacaras, reciclaxe e gran novidade de baile con mini-coreos.



- Tamén habilitaremos unha zona de xogos xigantes: un twistter, un tres en raia, o xogo da ra, paracaídas, aros, etc e xogos tradicionais.

Xunto con todas estas actividades nos momentos onde temos un maior número de nenos teremos a visita de Mickey e Minnie, Minion e de Chase da patrulla Canina para que os nenos poidan saudar, sacarse fotos e ata xugar na ludoteca con eles facendo que a visita sexa inesquecible.



2.- Zona de xogos recreativos, na que os mozos/as converteranse en verdadeiras estrelas dos videoxogos, etc.

3.- Circuito interior de Minigolf con diversas estacións rotatorias que permiten albergar gran cantidade de participantes e que son a mellor forma de iniciarse neste deporte.





4.-Pista de Slot. Os visitantes de Xuvenilugo poderán gozar de pistas de Slot, hobbie que atrae tanto o público infantil como ao adulto.



5.- Inchables de gran formato. Ademais dos inchables da zona infantil, este ano contaremos con catro inchables de gran tamaño con innumerables posibilidades de xogo:

- **INCHABLE MULTIDEPORTE (12m largo x 7 m ancho x 2m alto):**

Este inchable de grandes dimensións sorprenderá aos usuarios e conseguiran que gocen ao máximo a experiencia competindo entre eles. Pódese utilizar para fútbol ou voleibol.



- **BOB ESPONJA:**





- **PISTA MULTIAVENTURA** (Dimensións: 16 m largo x 4 m de ancho e 4,5 m de alto):

A pista multiaventura é o mellor inchable para superar obstáculos xa que consta de dúas zonas diferenciadas. Na primeira aparecen uns buracos ao entrar e a continuación atopamos uns pilares verticais e dous tubos horizontais que os usuarios deben superar para chegar a segunda zona na hai unha rampa de 3,5 m. que os nenos teñen que escalar coa axuda dos ladrillos e ao chegar ao cumio deslízanse por un gran tobogán terminando o percorrido.

Este inchable é moi dinámico e movido xa que os nenos non paran de superar obstáculos entrando e saíndo do inchable.



6. - Inchable Formato Mediano *Debuxos* (Dimensións: 8 m largo x 5 m de ancho e 5 m de alto). Idades recomendadas de 5 a 10 anos

Este inchable no comezo contén obstáculos para que os nenos poidan ir saltando e ao final hai unha zona de subida que remata nun tobogán.



Mocidade



7.- Atraccións: Tren da bruxa, Saltamontes, Scalextric, Baby Sport, Coches de choque, Camas elásticas, Noria, Maxi Dance,....etc.





Unha ampla variedade de atraccións que recrean o ambiente das festas das cidades e pobos, coa excepción de que aquel que compre a súa entrada para Xuvenilugo adquirirá o dereito a subir tantas veces como queira a estas atraccións.

8.- Touro Mecánico. O touro mecánico é unha atracción con diferentes niveis de dificultade que se adaptan ao mozo ou a moza que participa poñendo a proba a súa habilidade como xinete. Trátase dunha actividade controlada por profesionais para pequenos e grandes.





9.- Rocódromo. É a instalación "indoor" máis importante no panorama nacional que permite desenvolver actividades de montaña nun espazo controlado para satisfacer a demanda de ocio familiar, deporte base, alta competición e formación profesional.





Durante Xuvenilugo os rapaces disfrutarán no Pazo da visita o día 23 de Decembro, de Papá Noel para recoller as cartas dos nenos/as. Poñerese un photocall e atrezzo con motivos de Nadal para que os cativos e os seus acompañantes podan sacar fotografías.



FICHA TÉCNICA

HORARIOS

Do 5 ao 8 de decembro de 2019

Do 13 ao 15 de decembro de 2019

Do 20 ao 23 e do 25 ao 30 de decembro de 2019

Do 1 ao 4 de xaneiro de 2020

Do 6 ao 7 de xaneiro de 2020

Horario: De 16:30 horas a 20:30 horas



PREZOS

Entrada xenérica ao Salón do ocio: 6 €

Bono grupo (10 persoas por 50 euros. Válido para un só día)

Entrada á pista de minigolf: 1,5 €

Toro mecánico: 2 euros

Pista de slot: 2 €

Rocódromo: 2 € (dúas subidas)

**Prezos para Concellos, Colexios e Asociacións con reserva
anticipada**

(mínimo 15 persoas): 4,50 €

+ info: No teléfono 982 285 200 ou enviando un correo electrónico a comercial@pfclugo.com